



LITERATURA

A tradición literaria india é principalmente poética e esencialmente oral. As primeiras obras concibíronse para ser cantadas ou recitadas e dese modo transmitíronse de xeración en xeración antes de ser escritas. Así, os textos conservados poden ser varios séculos posteriores á súa data de composición. Doutra banda, gran parte da literatura é de carácter relixioso ou se trata dunha recreación de historias extraídas das dúas grandes epopeas escritas.




CURIOSIDADES

A India é a democracia máis grande do mundo e o segundo país máis poboado con 1.200 millóns de habitantes. Calcúlase que en 2.021 será o país máis habitado superando a China. Ten 28 estados de diversos tamaños, por iso é o sétimo máis grande do mundo, así Rajastan é tan grande como Alemaña.

Tamén é moi frecuente atoparse con monxes nómades e sadhus que sempre levan pencas polas rúas.



VIAXAMOS POLO MUNDO A...



Proxecto realizado por alumnos do CEIP de Sigüeiro

INFORMACIÓN XERAL

Aula

4° A

País

India

Capital

Nueva Delhi

Idiomas oficiais:

O idioma oficial da India é o hindi ademais do inglés.

Bandeira

A cor azafrán significa a coraxe, o sacrificio e o espírito de renuncia. O branco, a pureza e a verdade, e o verde a fe e a fertilidade. A roda central representa o carácter dinámico dun cambio pacífico, levado a cabo de forma progresiva.



Moeda

A moeda oficial da India é a Rupia



Duración da viaxe/KM:

A distancia, en liña recta, entre Santiago de Compostela e Nova Delhi, a súa capital, é de 7.579 km. India ten unha extensión de 3.281.263 km²

COMIDA TÍPICA

A comida india é a comida dos indios dependendo das estacións do ano. Por exemplo: agri-doce de cabaza un prato indial para o outono e tamén hai pratos máis populares como: aloo tikki que é un aperitivo feito con pataca cocida e especies variadas formando croquetas.



CONSTRUCCIÓN

A construción típica da India realizouse en madeira, polo que non se conservan restos. A partir deste século impúxose a construción en pedra, con tres edificios característicos:

A *ESTUPA BUDISTA* de la paz: É un edificio de cúpula semiesférica rodeada de balaustrada e cuberto de relevos.



O *VIHARA*: É un monasterio excavado en pedra.


A *CHAITYA*: Con planta tripartita e bóveda de medio cañón.



MONUMENTO

TAJ MAHAL.

É a tumba máis fermosa do mundo. Está na cidade de Agra. Foi construída polo emperador Shah Jahan para a súa muller Muntaz Mahal no ano 1.631. Cando el morreu tamén foi enterrado nesta tumba.



TEMPLO DE BRAHMA en pushkar.

Está situado na cidade de Pushka cerca de Jaipur e Nueva Delhi.

TEMPLO DE OURO.

Chamado así porque ten unha cúpula recuberta de cobre e ouro

